

NOTIFICACIÓN

En virtude do ordenado pola Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Silleda, D^a. Paula María Fernández Pena, poño no seu coñecemento que por Resolución da Alcaldía nº 2026-0297, da data 01 de abril de 2026, adoptou, entre outros, o seguinte

DECRETO

Vista a solicitude presentada neste Concello o día 1 de marzo de 2026, por Juan Pablo Cajide Pérez, con DNI: 76828785-E en representación da entidade Escudería Silleda, con CIF.: G56155435, en calidade de entidade organizadora do III RALLYSPRINT CONCELLO DE SILLEDA, previsto para os días 15 e 16 de maio de 2026.

Visto o Rutómetro aportado pola entidade especificando itinerario e horario.

Vista a documentación na que se achega o permiso da Federación Galega de Automobilismo que autoriza á entidade Escudería Silleda para a realización do III RALLYSPRINT CONCELLO DE SILLEDA os días 15 e 16 de maio de 2026.

Visto a póliza de responsabilidade civil que a Federación Galega de Automobilismo, CIF: Q82550031, ten contratada coa aseguradora Allianz Seguros co nº. 048199299.

Visto que os deportistas posuidores da licenza con validez estatal e autonómica que participan no III RALLYSPRINT CONCELLO DE SILLEDA, realizado os días 15 e 16 de maio de 2026, están cubertos pola póliza de accidentes nº. 96106976, contratada coa compañía Allianz Seguros.

Visto o plan de seguridade aportado do III RALLYSPRINT CONCELLO DE SILLEDA.

Vista a conformidade da Deputación de Pontevedra sobre o informe sobre a realización do "III RALLYSPRINT CONCELLO DE SILLEDA así como a autorización do uso especial das estradas provinciais afectadas por dita proba.

Visto o informe da policía local con número 96/26 de viabilidade de evento deportivo "III Rallysprint Concello de Silleda" que se transcribe a continuación:

N/Ref.: Informe 96/26

ASUNTO: VIABILIDADE DE EVENTO DEPORTIVO "III RALLYSPRINT CONCELLO DE SILLEDA"

O Xefe da Policía Local de Silleda con T.I.P. nº 265008, en relación coa solicitude presentada no Rexistro do Concello de Silleda pola entidade ESCUDERÍA SILLEDA, para a celebración do evento deportivo denominado "III Rallysprint Concello de Silleda", previsto para os días 15 e 16 de maio de 2026, e vista a documentación presentada (solicitude, rutómetro, plan de seguridade, regulamento, seguros e autorizacións correspondentes), INFORMA:



Que a proba deportiva transcorrerá por distintas vías do termo municipal de Silleda, incluíndo tramos cronometrados en estradas provinciais e locais, así como diferentes ubicacións no casco urbano destinadas a parque pechado, parque de traballo, verificacións técnicas e administrativas e entrega de premios.

Que para o correcto desenvolvemento da proba será necesario realizar cortes temporais de tráfico, regulación da circulación e restricións de estacionamento nas zonas afectadas, especialmente nas rúas Camiño do Castro, Arturo Pérez Lázara, Cartaxena e outras vías municipais afectadas pola organización do evento.

Considerando a documentación presentada, o plan de seguridade do evento, a previsión de participación e público asistente, así como a experiencia de edicións anteriores Cabe emitir **INFORME FAVORABLE DE VIABILIDADE** para a celebración do III Rallysprint Concello de Silleda, no relativo á utilización dos viarios municipais e á regulación do tráfico, condicionado ao cumprimento das seguintes medidas:

- Sinalización previa dos cortes de tráfico e prohibicións de estacionamento.
- Coordinación coa Policía Local para a regulación do tráfico e cortes de vías.
- Mantemento en todo momento dun corredor para vehículos de emerxencias.
- Cumprimento do Plan de Seguridade presentado pola organización.
- Obtención das autorizacións pertinentes das administracións competentes en materia de tráfico e estradas.
- Limpeza das vías unha vez finalizada a proba.

O que se informa para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

RESOLVO

Autorizar a celebración da proba “III RALLYSPRINT CONCELLO DE SILLEDA” que se celebrará o día 15 e 16 de maio de 2026, cos condicionantes anteriormente indicados.

Recursos: Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido no art. 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Esta resolución tamén poderá ser impugnada directamente mediante recurso Contencioso- Administrativo ante o órgano competente da xurisdición Contenciosa-Administrativa, no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da notificación deste acto, segundo o disposto nos art. 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

O recurso potestativo de reposición deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes, segundo o establecido no art. 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, enténdéndose desestimado polo transcurso deste prazo sen que sexa notificada resolución expresa, de conformidade co disposto no art. 21 da devandita Lei.



Resolto o recurso de reposición pode interpoñerse o contencioso administrativo, ante o órgano competente da xurisdición Contenciosa-Administrativa, no prazo de 2 meses, se a resolución fose expresa, ou no de 6 meses se non o fose, segundo o establecido no art. 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo (*non obstante a doutrina do Tribunal Constitucional declarou que a interposición deste recurso contra actos presuntos en principio non estaría suxeita a ningún prazo*). Este prazo contarase dende o día seguinte a aquel no que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que deba entenderse presuntamente desestimado, de acordo co establecido no art. 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non obstante, poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente

Silleda, na data da sinatura electrónica.

A Secretaria

Asdo. Déborah García Suárez

